



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 10/2016 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2016

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 23/2016 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 4.072,75 EUROS

I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 24/2016 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 47.853,42 EUROS

I.4.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DE ORZAMENTO MUNICIPAL

I.5.- PLAN DE INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DOS MESMOS

I.6.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A REASIGNACIÓN DE FONDOS PARA REPARAR, SUBSTITUIR OU RENOVAR AS ÁRBORES DAS BEIRARRÚAS DO SAU-9

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.^a Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D. Modesto Martínez Sienes

- D.^a Liliana Silva Pequeño

- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto

- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 27 de outubro de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 22:23
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 29 de setembro de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 29 de setembro de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 23/2016 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 4.072,75 EUROS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 19 de outubro de 2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os gastos realizados e facturados que non poden ser contabilizados e pagados por non existir os correspondentes créditos no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

Considerando preciso contar con crédito específico, adecuado, dispoñible e en contía suficiente en diversas aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016 para poder proceder polo Concello Pleno ao posterior



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

recoñecemento extraxudicial de diversos gastos xa realizados.

Visto o establecido no artigo 177 da LRFL, e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 17.10.16, referencia T 173/16 .

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 23/16 mediante créditos extraordinarios por importe de 4.072,75 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016; o importe citado destinarase ás finalidades seguintes:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Destino</i>	<i>Euros</i>
<i>16162262300</i>	<i>Equipamento para instalacións punto limpo. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (23/16)</i>	<i>62,96</i>
<i>1634122401</i>	<i>Primas de seguros deportes. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (23/16)</i>	<i>120,00</i>
<i>164502210301</i>	<i>Combustible e carburantes servizos urbanos. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (23/16)</i>	<i>859,94</i>
<i>1645921401</i>	<i>Conservación material de transporte servizos urbanos. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (23/16)</i>	<i>3.029,85</i>

O expediente administrativo de modificación de crédito 23/16 finánciase integramente mediante a seguinte baixa de crédito non comprometido:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Destino</i>	<i>Euros</i>
<i>1616212270001</i>	<i>Atrasos por revisión de prezos servizo RSU e limpeza viaria (23/16-22/16)</i>	<i>4.072,75</i>

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 23/16 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán (www.nigran.org/).

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 da LRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 23/16 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Concello Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación conxunta sobre os puntos I.2 e I.3 da orde do día.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Propón o debate conxunto coa modificación nº 24 incluída no punto seguinte. Explica a finalidade de ambas que non é outra que o pago de facturas.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Trátase de dotar crédito para unhas facturas que non o tiñan e que aínda non viñeron ao Pleno. Incórrase nun comportamento que antes se criticaba. O lóxico é dotarse do crédito antes do gasto e non ao revés. Mantense unha práctica que debería eliminarse ou polo menos frearse. Algunhas facturas son rechamantes, como a dunha avogada que ven do 2009, e que traballaba moito para o Concello en certos momentos, que é familiar dunha deputada socialista. Hai algo significativo, a concellería de cultura refrenda determinadas facturas, pero non así o Alcalde. Nas que el asina pon un "non conforme". Alguén factura en representación de grupos de baile e non se entende. Minórase a partida da actualización de prezos dunha concesionaria e non se acredita que iso non vai supoñer prexuízos. Por iso non votarán a favor.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Pensan que a Concelleira de cultura está facendo unha boa labor. Os aspectos administrativos non lle corresponden a ela. Aquí queda claro que os gastos van por diante das previsións. Obrígase á Corporación a unha decisión complicada, para non prexudicar a terceiros. Absteranse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Os gastos fóra do orzamento son criticables. A parte positiva é que se está facendo dentro do exercicio ao que corresponden. En calquera caso, débense evitar os feitos consumados. Absterase.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Está en contra de converter en ordinario un procedemento que debería ser extraordinario. Por inverter o proceso no de que primeiro é o crédito e despois o gasto, non vai a avalar a proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: O recoñecemento traerase o mes que ven. Faise este ano para axilizar o pago, de forma que non se comprometa o orzamento do ano que ven. O día a día do Concello é complicado porque hai que facer fronte a situacións que non poden esperar. O tema da avogada é dun proceso que rematou agora. As da feira do libro están pendentas de asinar porque tardaron en sistematizalas. Son de pequena contía.

Sr. Valverde Pérez: Os provedores son os menos responsables. A nota de "non conforme" do Alcalde é rechamante. E o lóxico é dotarse antes de crédito. En absoluto critican a labor da concelleira. As urxencias poden darse, pero non parece ser o caso. O seu voto será contrario.

Sr. Cuevas Raposo: O que sexa mellor aprobar isto no mesmo ano non quere dicir que se deba actuar así.

Sr. Alcalde-Presidente: As previsións orzamentarias non sempre son certas.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Votación conxunta e acordo sobre os puntos I.2 e I.3 da orde do día.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar, nos seus propios termos, a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas o 19 de outubro de 2016, sobre modificación de crédito 23/2016.

I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 24/2016 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 47.853,42 EUROS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 19 de outubro de 2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía::

Vistos os gastos facturados que non poden ser contabilizados e pagados por ser insuficientes os correspondentes créditos específicos no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

Considerando preciso contar con crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente en diversas aplicacións do estado de gastos específicas do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016 para poder proceder polo Concello Pleno ao posterior recoñecemento extraxudicial de diversos gastos xa realizados.

Visto o establecido no artigo 177 da LRFL, e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016.

*Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:*

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 17.10.16, referencia T 174/16 .

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 24/16 mediante suplementos de crédito por importe de 47.853,42 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016; o importe citado destinarase ás finalidades seguintes:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
163342260901	Actividades culturais diversas. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	2.919,00
1645021001	Conservación de infraestructuras e bens naturais infraestructuras. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	30.343,50

**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1645021301	Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe infraestructuras. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	3.140,69
1645021401	Conservación de material de transportes infraestructuras. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	2.205,11
1645921001	Conservación infraestructuras e bens naturais servizos urbanos. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	370,89
1645921301	Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe servizos urbanos. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	3.005,37
169202260402	Gastos xurídicos diversos administración xeral. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2016 (24/16)	5.868,86

O expediente administrativo de modificación de crédito 24/16 finánciase integramente mediante a seguinte baixa de crédito non comprometido:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1616212270001	Atrasos por revisión de prezos servizo RSU e limpeza viaria (24/16-23/16-22/16)	47.853,42

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 24/16 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán (www.nigran.org/).

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 da LRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 24/16 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Concello Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación.- Consta no punto I.2 anterior, ao debaterse conxuntamente co presente.

Votación conxunta e acordo sobre os puntos I.2 e I.3 da orde do día.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG.



Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar, nos seus propios termos, a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas o 19 de outubro de 2016, sobre modificación de crédito 24/2016.

I.4.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DE ORZAMENTO MUNICIPAL

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 19 de outubro de 2016, ditaminou favorablemente para a súa incorporación ao orzamento municipal do próximo exercicio, a seguinte proposta do grupo Popular:

ANTECEDENTES DE LA CUESTION

1.- En diferentes sesiones plenarias, tanto durante este mandato como en el anterior, hemos venido analizando cuales de las modificaciones de crédito sería conveniente que fuesen aprobadas en Pleno, además de las que ya figuran en las actuales bases de ejecución presupuestaria.

Se llego a la conclusión de que aquellas que fuesen precisas para un funcionamiento ágil de la administración y correspondiesen al funcionamiento de los servicios básicos municipales deberían seguir tal cual figuran ahora, con habilitación del Sr. Alcalde para su tramitación y aprobación.

2.- Al aprobar en sesión plenaria los presupuestos anuales del Ayuntamiento, se aprueba un gasto en el capítulo VI de Inversiones, que viene especificado en un documento ANEXO (ANEXO I), en el que se indican los destinos de las Inversiones y sus cuantías.

3. En las modificaciones de crédito tramitadas y aprobadas este año por el Sr. Alcalde se comprueba en la 22/16 (ANEXO II) se modifican cuantías y destinos de las inversiones, en relación al ANEXO DE INVERSIONES aprobado en sesión plenaria. (por cierto relación de inversiones que se aprobó después de varias reuniones con los diferentes grupos políticos municipales para ajustar destinos y cuantías.)

En base a lo anterior, al entender que el Capítulo de Inversiones no entraría en lo concerniente al funcionamiento de un servicio básico municipal, creemos que debe analizarse y aprobarse por el Pleno, si así se considera oportuno la siguiente propuesta del Grupo Municipal Popular:

PUNTO UNICO *Incluir en las bases de Ejecución del Presupuesto Municipal, en el apartado que los técnicos municipales consideren apropiado, el siguiente texto: "todas aquella modificación de crédito que tenga que realizarse afectando a las inversiones incluídas en el Anexo de inversiones acompañante de la aprobación anual del presupuesto municipal, ya sea en sus cuantías y/o en sus destinos, requerirá aprobación previa por parte del pleno del Ayuntamiento de Nigrán".*

Deliberación.- Síntese das intervencións:



D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Fai mención á súa iniciativa na comisión e á filosofía á que obedece. A comisión ditaminou derivalo as bases do próximo exercicio. Pretenden facer o mesmo co capítulo de persoal.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de que as contías dos investimentos previstos no orzamento se modifiquen por acordo plenario, e non polo Alcalde, como ata agora. Os grupos apoiaron a iniciativa e votaron a favor na Comisión Informativa.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Tamén están a favor da proposta e espera que se manteña en futuras corporacións.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Paréceme oportuna para evitar desvirtuar os orzamentos mediante modificacións posteriores. Ao mellor poderíase modular no caso dos remanentes.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Pensa que establecer límites é correcto, sobre todo cando non hai maioría absoluta e o orzamento responde a un amparo de varios grupos. Tamén concorda en que se poidan exceptuar os remanentes.

Sr. García Pazos: Esta cuestión das modificacións por acordo plenario xa foron impulsadas en anteriores ocasións.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas con data 19 de outubro de 2016, relativa á modificación das bases de execución de orzamento municipal, para a súa incorporación ao orzamento municipal do próximo exercicio.

I.5.- PLAN DE INVERSIONES E FINANCIAMIENTO DOS MESMOS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 19 de outubro de 2016, informa favorablemente a seguinte proposta do grupo Popular:

ANTECEDENTES DE LA CUESTION

I.- En diferentes sesiones plenarias en el transcurso del actual mandato municipal se ha ido identificando la necesidad de dotaciones estructurales propias municipales.

•Una de ellas ha sido la propuesta de dotar a los vecinos de Nigrán, sobre todo a los estudiantes, de un nuevo espacio de Biblioteca Municipal, dedicado a la lectura y estudio, que sustituya a la dotación actual, a todas luces insuficiente par el fin concebido.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- *Otra de las inversiones pendiente de realizar es la construcción de un Almacén-talleres de titularidad municipal en la parcela en fase de adquisición en el SAU 9, con el dinero proveniente un anticipo realizado por la Diputación Provincial de Pontevedra al Ayuntamiento de Nigrán..*
- *La tercera de las infraestructuras que debe acometer el Ayuntamiento en cuanto a su construcción en los próximos años, son las dotaciones deportivas que se consideren necesarias en la Zona de calificación urbanística como de actividad deportiva en los terrenos municipales que se disponen a tal fin en el SAU 9.*
- *La cuarta de las necesidades perentorias, informada de una forma reiterada por los técnicos del Departamento de Servicios Urbanos, es la de Reparar, Reemplazar y Ampliar la Red Municipal de Recogida de Aguas Pluviales.*

II.- A 31 de diciembre de 2016 l el endeudamiento Municipal será de 934.974,73 Euros (Siempre y cuando se haya dispuesto a esa fecha del anticipo de Diputación de 344.679,41 euros) , lo que supone un endeudamiento financiero del 6.98 % sobre los ingresos liquidados a fin del ejercicio 2015.

La capacidad de endeudamiento municipal a través de operaciones financieras de crédito a largo plazo es el momento actual, cuando el destino sean inversiones, de 9.116.495,20 euros. limite legal del 75% sobre la liquidación final de ingresos del ejercicio anteriormente referido.

Indicar además que el momento actual las operaciones de crédito de estas características se mantienen a un tipo de interés bajo.

El Ayuntamiento cumpliría en el momento actual las condiciones marcadas por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para poder acudir a este tipo de operaciones.

III. Otra fuentes posibles de financiación de las obras relacionadas con anterioridad serían aportaciones plurianuales de Excm. Diputación de Pontevedra y/o de la Xunta de Galicia, e incluso de aportaciones a través de Fondos Comunitarios para el desarrollo.

IV.- El Ayuntamiento de Nigrán también podría anualmente a través del Capítulo VI de Inversiones, aportan cuantías económicas para la Realización de las Obras antes referidas.

En base a las consideraciones anteriores, en nombre y representación del Grupo Municipal Popular propongo al Pleno debatir y aprobar si lo consideran oportuno sobre la siguiente propuesta:

PUNTO UNICO: *Instar el Equipo de Gobierno Municipal a que antes del 31 de Marzo del 2017 presente ante el Pleno de Nigrán en forma de MOCION, propuesta de inversiones y forma de financiación de las mismas, priorizada, periodificada, y consensuada previamente con los diferentes grupos políticos municipales, acompañada de las estrategias de financiación de las obras planteadas, incluyendo el establecimiento de operaciones financieras a medio-largo plazo si así fuese preciso.*



Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Trátase de introducir a planificación nos investimentos. Alude ao contido da iniciativa e dálle lectura aos principais aspectos da mesma. Pensa que é o momento de apostar polos investimentos. Non se trata de pedir préstamos, senón de buscar as fontes de financiamento.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Comparten a iniciativa e teñen pensado achegar algunha proposta. Non aceptarán algo do estilo da colaboración público-privada.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A lei contempla a posibilidade de aprobar un plan plurianual de investimentos. Chócalle que presente a proposta quen gobernou e usou o "rodillo" nesta materia. O goberno, ao estar en minoría, xa ten que negociar. É oportunista. Absterase.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parécelle axeitado planificar os investimentos, pero non lle gusta a forma na que se formula. Absterase.

Sr. García Pazos: A débeda de 2007 en anos sucesivos foi descendendo. O que se fixo foi pagar os "pufos" que deixaron os antecesores.

Sr. Fernández Comesaña: No 2007 quen gobernaba era o Partido Popular, do que o Sr. García Pazos parece que renega.

Sr. García Pazos: O Sr. Fernández Comesaña estaba naquel goberno e houbo que facerlle fronte aos seus excesos.

Sr. Alcalde-Presidente: Tamén lle sorprende as presas do PP cando gobernaron na anterior lexislatura e puideron impulsar estas iniciativas. Non saben por que se empeñan nun destino concreto para a zona deportiva de Porto do Molle, que implica a súa privatización.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Na súa etapa de goberno para a biblioteca tiñan financiamento e proxecto, e o actual goberno rexeitouno. O almacén tamén lles preocupou e conseguiron diñeiro da Deputación. En pluviais investiron máis de 500.000. E no proxecto da senda do río Muíños tamén se contemplan as pluviais. Non pode dar leccións o PSOE sobre as privatizacións porque as aplica a moitas actuacións. O PP deixou unha situación económica saneada que permite abordar investimentos.

Sr. Cuevas Raposo: Na moción non se fala de privatización.

Sr. Fernández Comesaña: Dada a actitude belixerante do portavoz do PP, votará en contra.

Sr. Rodríguez Fernández: Dado que houbo un plan económico financeiro que obrigou axustes, non quere que a situación se repita.

Sr. García Pazos: Le a parte dispositiva na moción.

Sr. Alcalde-Presidente: Critica a linguaxe do exalcalde do PP, que exalta os debates. Pídelle que non insulte nas súas intervencións.

Sr. García Pazos: Non insultou a ninguén. O debate non é malo. E non vai calar, e se



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

alguén pensa que foi insultado pide desculpas.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP e Nigrán Decide.
- Votos en contra: 8; PSOE e UCN.
- Abstencións: 1, BNG.

Á vista do empate, procédese a unha segunda votación ordinaria (art. 100.2 do ROF), co seguinte resultado:

- Votos a favor: 8; PP e Nigrán Decide.
- Votos en contra: 8; PSOE e UCN.
- Abstencións: 1, BNG.

Persistindo o resultado de empate na votación, e co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta do grupo Popular ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas con data 19 de outubro de 2016, sobre o plan de investimentos e financiamento dos mesmos.

I.6.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A REASIGNACIÓN DE FONDOS PARA REPARAR, SUBSTITUÍR OU RENOVAR AS ÁRBORES DAS BEIRARRÚAS DO SAU-9

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de outubro de 2016, ditaminara desfavorablemente a moción referida.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Manifesta que, tendo en conta que no punto anterior se rexeitou a moción do seu grupo sobre investimentos e o seu financiamento e que hai un inicio de reposición das árbores en mal estado, **retira a Moción.**

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos membros ca Corporación copia dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 1 de setembro de 2016 e o 30 de setembro de 2016, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

1.1. Que sea valorado por parte de la Alcaldía solicitar re-evaluación en la Comisión Especial de Cuentas de la ordenanza que regula las tarifas por abastecimiento de agua potabilizada, por dos hechos, constatación de la prórroga del contrato de



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

gestión del suministro de agua con una posible variación de los importes en el contrato, entre otros hechos por variaciones en el pago de amortizaciones y constitución reciente del Área Metropolitana de Vigo, en la que se encuentra incorporado nuestro municipio. Constatándose en varios informes técnicos municipales que las tarifas que se pagan en varios ayuntamientos del área son diferentes a la que abona Nigrán, algunas de ellas menores.

1.2. Se ruega que se deje constancia en el acta de este Pleno de lo siguiente: El funcionario don Manuel David González Castro, personal de este ayuntamiento, según consta en su expediente personal, tiene una felicitación por su trabajo profesional, pendiente a fecha de hoy de ser reconocida por este pleno. El funcionario don Teodoro De La Peña Costas, personal de este ayuntamiento, según consta en su expediente personal, tiene a fecha de hoy 10 felicitaciones por su trabajo profesional pendientes de reconocer por parte de este pleno.

1.2. Sr. Alcalde-Presidente responde a preguntas formuladas anteriormente polo Sr. García Pazos:

1ª.- Á pregunta do Pleno do 01/09/2016, sobre se debería terse producido xa a entrega das zonas verdes de titularidade municipal existentes na ordenación urbanística do SAU-9 por parte de Zona Franca de Vigo, que deberían estar completamente acondicionadas; e unha vez aclarado que eran as zonas verdes que se atopan subindo, á marxe dereita do río, que figuran no plan de urbanización do parque que están a selva.

Sr. Alcalde-Presidente: Falei coa Enxeñeira municipal e non sabemos cales son.

Sr. García Pazos: En el margen superior del río, hacia la parroquia de Parada hay toda una zona, que es el margen derecho del río, que está dentro del proyecto de urbanización.

Sr. Alcalde-Presidente: Contestareille.

2ª.- Contestación á pregunta do Pleno do 03/03/2016, sobre como se atopa neste momento o Concello en relación ao equilibrio económico establecido coa empresa externa xestora de servizos de abastecemento de auga potable e saneamento.

Sr. Alcalde-Presidente: Estanse rendendo contas de xeito periódico e estase redactando o prego para a contratación da auditoría, que será a que dea o resultado final.

Sr. García Pazos: Es una pregunta económica. Eso quiere decir que el convenio dice que según la facturación, si hay una sobre-facturación o una infra-facturación hay un canon a abonar que o abona el Ayuntamiento o abona la concesionaria. Lo único que quería decir es si a fecha de hoy el canon es equilibrado o si le tiene que pagar el Ayuntamiento a la concesionaria el canon o la concesionaria al Ayuntamiento.

Sr. Alcalde-Presidente: Contestareille.

3ª.- Contestación á pregunta do Pleno do 03/03/2016, sobre a sinalización accesible dos sendeiros de Nigrán, por que so estaba asinada polo Alcalde e por que se pagou.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Alcalde-Presidente: Porque o traballo estaba feito, comprobado e completado.

4ª.- Contestación a pregunta do Pleno do 28/07/2016 sobre un terreo que había na Rúa Padres Franciscanos, que é municipal: en que situación urbanística se atopa.

Sr. Alcalde-Presidente: É propiedade do Concello e está como equipamento.

5ª.- Contestación á pregunta do Pleno do 28/07/2016, relativa a que tendo en conta que das diferentes obras que se realizaron con fondos que viñeron do Parque empresarial foi quedando sempre un remanente que se perpetúa e aparece nos orzamentos, cando se van a asignar eses remanentes a unha obra en relación con Porto do Molle.

Sr. Alcalde-Presidente: Cando sexa posible gastarase.

6ª.- Contestación a pregunta do Pleno do 28/07/2016, sobre a compra de terreos para acceso ao punto limpo, que xa hai un proxecto que se pagou e que non se gastou. Foi a partida para compra co importe que dixo Zona Franca, que ten unha parte de terreo que poñía á venda para facer o acceso.

Sr. Alcalde-Presidente: Estase falando coa Zona Franca, pero non hai unha resolución ao respecto.

7ª.- Contestación á pregunta do Pleno do 28/07/2016, en relación coa Policía Local, á que lle preocupaba a compra de chalecos anti-balas.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa se fixo. O sistema de comunicación tamén.

8ª.- No Pleno do 28/07/2016 me di que o inventario está pendente.

Sr. Alcalde-Presidente: Segue estando pendente.

9ª.- No Pleno do 28/07/2016, sobre a rehabilitación da antiga escola de Vilameán.

Sr. Alcalde-Presidente: Está encargado o proxecto.

10ª.- Contestación á pregunta presentada por Rexistro, escrito de data 24/10/2016: ¿En que fase administrativa se encuentra el expediente de contratación con denominación: Procedimiento abierto para la contratación de las obras de línea subterránea de baja tensión en la Rúa San Roque, Camos, iniciado por Resolución de Alcaldía de fecha 27 de abril de 2015?

Sr. Alcalde-Presidente: Reiniciase de novo o expediente.

